

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 10 de abril de 2023, aprobou o seguinte ACORDO:

6.- SUBVENCIONS

6.2.- Subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no concello de Carballo durante o curso 2022/2023. Concesión.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2023 aprobou as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2022/2023: Financiamento de proxectos de escolas deportivas de base en horario extraescolar nos centros de ensino dirixidas a nenos e nenas que cursan educación infantil e primaria (EDBEIP).

A base 14. establece que "A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente, requirindo informe do Sevizo de Fomento e Programas Deportivos.

En data 30 de marzo noméase Comisión Avaliadora, e celébrase sesión da mesma en data 31 de marzo.

Visto e debatido o informe do servizo de fomento e programas deportivos emitido por D. Manuel Varela Bardanca en data 31 de marzo, no que se dá conta das valoracións das solicitudes acórdase validar o mesmo.

Vista a acta da xuntanza ca proposta de resolución, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 31/03/2023, no expte. 2022/A002/000015, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro.- Conceder as subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2022/2023: Financiamento de proxectos de escolas deportivas de base en horario extraescolar nos centros de ensino dirixidas a nenos e nenas que cursan educación infantil e primaria (EDBEIP) ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal, sendo o importe total proposto de 7.236,00 €.

Segundo.- Autorizar as seguintes modificacións dos criterios técnicos xerais, con arreglo ao establecido na base 10.2 da convocatoria e fundamentado na procura da optimización dos recursos dispoñibles e na adaptación ás características específicas dos centros de ensino:

- a. Composición de grupos con participantes de diferentes ciclos educativos, para tódolos proxectos.
- b. Só para o caso de centros de ensino de liña única, realización de escolas deportivas con menor número do mínimo establecido de doce (12), debido á especial dificultade de conformación de grupos de estos centros.

Terceiro.- Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para o anticipo de importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases da convocatoria, en conformidade ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 denovembro, Xeral de Subvencións, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos que se derivan do proxecto subvencionado.

Cuarto.- Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 2, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse

nalguna das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

Quinto.- Notificar ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sexto.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e na Páxina web municipal <http://www.carballo.org/deporte/portada.php>.

Sétimo.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións concedidas destinadas á promoción e o fomento do deporte escolar no Concello de Carballo durante o curso 2018/2019: Financiamento de proxectos de escolas deportivas de base en horario extraescolar nos centros de ensino dirixidas a nenos e nenas que cursan educación infantil e primaria (EDBEIP)

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe outorgado
1	Agrupación Deportiva Escolar Ceip Fogar	G70503487	EDEBEIP Ceip Fogar	368,10	4.908,00 €
2	Anpa A Braña do Ceip Canosa Rus	G15460942	Clases de Xadrez no Ceip Canosa Rus	21,60	288,00 €
3	Anpa Raiante Ceip Gándara Sofán	V15131378	Actividades deportivas extraordinarias Ceip Gándara Sofán	25,20	336,00 €
4	Anpa San Martiño Ceip Nétoma Razo	G15450935	Deporte en Razo	130,50	1.704,00 €
TOTAL					7.236,00 €

Anexo 2.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.

Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Entidade ca que se contrata.	Descrición do gasto.	Importe Solicitado
Agrupación Deportiva Escolar do Ceip Fogar	G70503487	EDBEIP Ceip Fogar	Escolas Balonmán Xiria (G70046362)	Monitores e coordinadora	7.600,00 €